


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS

2-3 de novembro do 2024

XXXI ORDINARIO B



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Todos na vida loitamos para acadar metas e cumprir obxectivos, pero non vale todo, por iso moitas veces nos preguntamos: que é o que realmente nos importa na vida?.

Iso mesmo foi o que lle preguntou un veciño a Xesús: “Que é o máis importante?”

Xesús deulle resposta, faloulle do que para El valía a pena: “AMAR”. Amar a Deus coma Pai, amar aos demais coma irmáns, amar a terra como fogar. Para Xesús iso é o que vale a pena.

Ser cristián hoxe é seguir ese mesmo camiño, por iso agora compartimos sentindo a Deus coma o Noso Pai benquerido, e compartímolos cos que están á nosa beira coma irmáns, agradecendo esta terra e esta natureza chea de vida que estamos a compartir. Isto é o que celebramos agora.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Invoquemos a misericordia de Cristo pois El viviu sendo exemplo do amor de Deus Pai, e amando a todos coma irmáns. Nós queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

### **Monitor/a**

➤ Ti convídasnos a confiar no Deus que é Pai e que nos quere coma fillos benqueridos, pero ás veces facemos de Deus rutina e palabras baleiras. Señor, téndenos a túa man

➤ Ti convidas a amar aos demais coma irmáns e demostráchesnos que vale a pena, pero ás veces pódenos o egoísmo e a comodidade. Cristo, téndenos a túa man

➤ Ti convidas a amar a Deus e ao próximo porque iso é máis importante do que todos os holocaustos e sacrificios, pero ás veces facemos da fe costumes vellas, baleiras e cheas de rutina. Señor, téndenos a túa man

**Celebrante:** *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Busquemos, no silencio, o encontro con Deus e presentémoslle as nosas intencións para esta semana.*

*(silenzo)*

### **Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
Ti fixeches consistir a plenitude da lei  
no amor a Ti e ao próximo.

Fai que cumpramos os teus mandamentos,  
que o teu amor tome a iniciativa na nosa vida  
e nos acompañe sempre,  
que sexamos irmáns na práctica do ben  
coma Xesucristo,  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Non todo nos importa do mesmo xeito. Deixemos que sexa a Palabra de Deus a que nos amose o que verdadeiramente vale a pena. Pero non escoitemos esta Palabra como un código de normas para cumprir, porque non o é. É moito máis.*

Leccionario I B páx 266      **Dt 6, 2-6**      **LECTURA**

## **PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO DEUTERONOMIO**

**Daquela faloulle Moisés ao pobo dicindo:**  
**Teme ao Señor, o teu Deus, gardando todos os seus preceptos e os seus mandamentos que eu che ordenei, ti**

e o teu fillo e mailo teu neto, todos os días da túa vida, para que se alonguen os teus días. escoita, Israel, e ten coidado de o practicar, para que sexas feliz e que te multipliques moito, pois tal como cho falou o Señor, Deus dos teus pais, é unha terra que deita leite e mel.

Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é Iavé, o único. Amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con todas as túas aspiracións e con toda a túa forza. Os preceptos estes, que eu che mando hoxe, estarán no teu corazón.

### Palabra do Señor

♪ 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

(en pé) Leccionar I B pág 268 Mc 12, 28-34 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela un dos escribas acercouse a Xesús e preguntoulle:

- Cal é o mais importante de todos os mandamentos?

Xesús respondeulle:

- O primeiro é: escoita, Israel: o Señor é o noso Deus, o Señor é único, e amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo o teu entendemento e con todas as túas forzas. O segundo é: Amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Non hai mandamentos máis importantes ca estes.

O letrado replicou:

- Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que El é único e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todas as forzas, e ao próximo coma a un mesmo, é mais importante do que todos os sacrificios e holocaustos.

Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle:


- Non estás lonxe do Reino de Deus.

E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que é o que verdadeiramente importa?

- + Importa saber que Deus é alguén que nos quere, e que nos agarima nas súas mans de Pai e Nai
- + Importa saber que Xesús é exemplo, e as súas palabras e feitos non pasan de balde porque así nos demostra canto nos amou coma irmáns
- + Importa saber que temos que dar bo exemplo, que a fe non vale de nada se só son rutinas e costumes
- + Importa saber que vale a pena achegarse a quen vive dificultades e sofre, e ofrecer unha man de axuda e esperanza
- + Importa saber coidar a terra e a natureza pois temos a responsabilidade de que chegue chea de vida ás vindeiras xeracións, e non podemos calar os abusos
- + Importa saber que Deus conta con nós e nós contamos con Deus

## (en pé) PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Cristo convídanos a seguir os seus pasos, e propón como camiño: amar a Deus como Pai, e ao próximo como irmán. E nós respostamos na vida e na fe compartindo e loitando por unha terra de paz e mellor coidada. Proclamemos:*

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

### ***Monitor/a:***

***Credes en Deus, Pai e Nai,  
a quen se nos convida a amar  
por enriba de todas as cousas?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesucristo, fillo e irmán benquerido  
que convidou ensinando con palabras e feitos  
que a grandeza da vida está na grandeza de amar?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito Santo,  
que alenta día a día  
para sermos testemuñas do Reino de Deus?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na igrexa, comunidade viva  
na que todos participamos  
e na que nos comprometemos  
para facer crible o evanxeo?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Acudimos a Xesús: El demostrounos que na vida o que realmente vale a pena é AMAR, e non o podemos reducir ao cumprimento dunhas normas.*

*Dicimos:*

### ÉNCHENOS SEÑOR DO TEU AMOR

**Monitor/a:**

- ✓ Lembrando Señor ás persoas que viven cheas de sufrimentos, dores e tristuras, rezamos xuntos
- ✓ Lembrando Señor ás persoas que na vida son exemplo, porque son capaces de mirar polos demais, rezamos xuntos
- ✓ Lembrando Señor ás persoas que están á beira de maiores ou enfermos, rezamos xuntos
- ✓ Lembrando a quen deixa comodidades para vivir no medio de famentos, refuxiados, marxinados, pobres, rezamos xuntos
- ✓ Lembrando Señor aos veciños e veciñas das nosas igrexas que con palabras e feitos nos amosan a grandeza de amar e dar unha man, rezamos xuntos
- ✓ Lembrando as riadas doémonos coas familias que o perden todo, e se quedan coas mans baleiras, e mesmo sen vida, rezamos xuntos

**Celebrante:** *Señor Xesús, en Ti confiamos e queremos ser testemuñas de que nos amas de verdade. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Acudimos ao Pai de todos, que nos axuda e nos ofrece a súa man para sentirnos queridos e benqueridos por El. Dícímosllo coa oración que o seu fillo nos aprendeu:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *Dáanos paz Señor e abre os nosos ollos para ver o bo da vida e saber compartilo cos que están á nosa beira.*

*Ser irmáns é razón da nosa fe e da nosa vida de cristiáns. Sexámolo para poder compartir a Boa Nova da que Xesús é e dá exemplo. Sementemos paz coas nosas mans e fagámonos cribles.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** Os discípulos tiveron que ir descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús, porque é Nel onde mellor podemos aprender a vivir o mandamento máis importante “amar a Deus e ao próximo como a un mesmo”..

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús facéndonos cribles nos feitos, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 58** *Acharte presente na vida*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, fai medrar en nós os froitos do teu amor.

Este Pan de Vida co que nos alimentas nos prepare a recibir os bens dos que Cristo é anuncio e promesa.

Ti que vives e reinas por sempre eternamente.  
Amén

*A nosa celebración é a mostra do amor de Deus para nós.*

*Amemos a Deus e fagámolo amando aos demais como Xesús nos mostra hoxe no Evanxeo.*

*Deixémonos xa de palabras e poñamos en práctica o Mandamento Novo do Amor nas nosas vidas.*

**Avísase das misas (ver folla do mes)**

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

*Podémonos ir en paz. Amén*



*Non hai mandamento máis importante ca este:  
“Amar a Deus  
e ao próximo  
como a un mesmo”*

*Palabras de Xesús  
no evanxeo de hoxe.*